

ACTA NUMERO DEZASEIS DAS REALIZADAS POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL
EN PLENO DESTE CONCELLO EN SESIÓN ORDINARIA O DÍA TRINTA DE
SETEMBRO DE DOUS MIL OITO :-----

=====

PRESIDENTA :

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS :

D. Angel Casal Moldes
D. Salvador Durán Bermúdez
D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Constantino Sanmartín Quiñones
D^a Almudena Aguín Fernández
D. Manuel López Méndez
D^a Susana Fernández Trelles
D. Martín Otero Otero
D. Roberto-Alfonso Fernández Lores
D^a Gloria González Camiña
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agraso
D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
D. José-Ramón López Fernández
D. Manuel Lores Puente
D. Jose-Luis Rodríguez Lorenzo

INTERVENTOR :

D. José-Juan Vidal Vilanova

SECRETARIA XERAL :

D^a M^a del Carmen Merino Moína

=====

No salón de actos da Casa Consistorial de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día trinta de Setembro de dous mil oito. Baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse os/as sres/as Concelleiros/as que ó marxe se relacionan co fin de realizar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta e pública a sesión co obxecto de trata-los asuntos incluídos dentro da Orde do Día da convocatoria circulada ó efecto. Faise constar o momento de entrada e saída de cada Concelleiro no salón de actos.-----

ACTA ANTERIOR:

176 : APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO 26 DE AGOSTO DE 2008 : Pola **Sra. Presidenta** pregúntaselle os asistentes á sesión se algún Concelleiro/a ten que formular algunha observación ó acta que se somete a aprobación.

Ó non se formular ningunha observación, por asentimento unánime, préstase aprobación á devandita acta.-----

177 : POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA (DE RES. Nº 872/08 Á Nº 1062/08) : A **Sra. Presidenta** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as Concelleiros/as as Resolucións da Alcaldía ditadas dende a última sesión ordinaria dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta si se quere algunha aclaración.

A **Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo,** pregunta pola resolución relativa á contratación dun Asesor para a Xerencia de Urbanismo.

A **Sra. Alcaldesa** responde que realizará funcións de coordinación entre a Xerencia e o Concello.

A Corporación dáse por informada.-----

178 : POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REFERENTES A EXERCICIO DE ACCIÓNS XUDICIAIS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA : En virtude do disposto polo art. 22.2.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación co art. 41.22 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, dáse conta o Pleno Municipal dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados dende a última sesión ordinaria de conformidade polo determinado nos art. 61.j) e 65.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

A **Sra. Presidenta** fai constar que a relación detallada dos acordos estiveron no expediente á disposición dos/as Concelleiros/as e se alguén quere formular algunha aclaración que o manifeste. Non se produce ningunha solicitude.

A Corporación dáse por informada.-----

179 : INCORPORACIÓN DO CONCELLO DE SANXENXO Á “ASOCIACIÓN GRUPO ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA”. APROBACIÓN DE ESTATUTOS : Pola Sra. Secretaria dáse conta do ditame da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais que literalmente di:

“4) INCORPORACIÓN DO CONCELLO DE SANXENXO Á “ASOCIACIÓN GRUPO ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA”. APROBACIÓN DE ESTATUTOS. Pola Sra. secretaria dáse lectura a proposta da alcaldía que literalmente di:

“Os GAC (Grupos de Acción Costeira) nacen co fin de avanzar cara á consecución de axudas en Galicia a través do Fondo Europeo de Pesca 2007-2013 e a consecución dos obxectivos do Tratado da Unión Europea en materia de desenvolvemento sostible e de integración do medio natural en todas as demais políticas comunitarias aplicadas nas zonas costeiras.

As prioridades estratéxicas que marca o programa español para o desenvolvemento integrado das zonas costeiras no próximo período (2007-2013) teñen como fin último a consecución dun desenvolvemento sostible destas zonas. As devanditas prioridades, por orde de importancia, son:

Manter a prosperidade económica social das áreas e a revalorizar os produtos da pesca e da acuicultura	Potenciar a calidade ambiental costeira
Manter e desenvolver os postos de traballo: diversificación económica e reestruturación social	Promover a cooperación nacional e transnacional entre zonas de pesca

Para poder acceder a posibles axudas o Concello de Sanxenxo debe pertencer a un GAC sen ánimo de lucro de carácter supra municipal de cooperación e compromiso, formado por distintos axentes tanto públicos como privados da zona, con especial protagonismo dos pertencentes e relacionados co mundo pesqueiro.

O próximo 2 de outubro de 2008 esta convocada a asemblea constituínte do Grupo de Acción Costeira RÍA DE PONTEVEDRA

A Sra. Alcaldesa propón ao Concello pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- A aprobación da incorporación do Concello de Sanxenxo á “Asociación Grupo Acción Costeira RÍA DE PONTEVEDRA”.

SEGUNDO.- A aprobación dos Estatutos da “Asociación Grupo Acción Costeira RÍA DE PONTEVEDRA”.

TERCEIRO.- A designación de D^a Catalina González Bea, Alcaldesa do Concello de Sanxenxo como representante titular deste Concello nos órganos reitores da Asociación, Grupo Acción Costeira RÍA DE PONTEVEDRA e de D. Manuel López Méndez, como representante suplente.”

Non se produce debate e sometida a votación a proposta foi aprobada por unanimidade e, en consecuencia, a **Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais**, acorda propoñer ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a incorporación do Concello de Sanxenxo á “Asociación Grupo Acción Costeira Ría de Pontevedra”.

SEGUNDO: aprobar os estatutos da “Asociación Grupo Acción Costeira Ría de Pontevedra”.

TERCEIRO: designar a D^a Catalina González Bea, alcaldesa do Concello de Sanxenxo, representante titular deste concello nos órganos reitores da “Asociación, Grupo Acción Costeira Ría de Pontevedra” e de D. Manuel López Méndez, como representante suplente.”

Non se produce debate e a presidencia somete a votación o contido do ditame que é aprobado por unanimidade e, en consecuencia, a Corporación Municipal en Pleno acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a incorporación do Concello de Sanxenxo á “Asociación Grupo Acción Costeira Ría de Pontevedra”.

SEGUNDO: Aprobar os estatutos da “Asociación Grupo Acción Costeira Ría de Pontevedra”.

TERCEIRO: Designar a D^a Catalina González Bea, alcaldesa do Concello de Sanxenxo, representante titular deste concello nos órganos reitores da “Asociación, Grupo Acción Costeira Ría de Pontevedra” e de D. Manuel López Méndez, como representante suplente.-----

180 : INCORPORACIÓN DO CONCELLO DE SANXENXO Á “ASOCIACIÓN RUTA DO VIÑO RÍAS BAIXAS”. APROBACIÓN ESTATUTOS : Pola Sra. Secretaria dáse conta do ditame da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais que literalmente di:

“5) INCORPORACIÓN DO CONCELLO DE SANXENXO Á “ASOCIACIÓN RUTA DO VIÑO RÍAS BAIXAS”. APROBACIÓN ESTATUTOS. Pola Sra. secretaria dáse lectura a proposta da alcaldía que literalmente di:

“O CRDO Rías Baixas, como membro do Padroado da Fundación Comarcal do Salnés, está promovendo a creación da ASOCIACIÓN RUTA DO VIÑO RÍAS BAIXAS, que se pretende substitúa á Fundación Comarcal do Salnés como novo ente xestor da ruta.

Aos efectos de sacar adiante esta iniciativa celebrárase o venres 24 de outubro de 2008 a asemblea constituínte.

O Presidente do CRDO Rías Baixas mediante escrito, de data 11 de setembro de 2008, solicita deste Concello a adopción de acordo plenario no que se manifieste a vontade de adhesión, aprobación dos Estatutos e nomeamento de representante do Concello.

A Sra. Alcaldesa propón ao Concello pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- A aprobación da incorporación do Concello de Sanxenxo á “Asociación Ruta do Viño Rías Baixas”.

SEGUNDO.- A aprobación dos Estatutos da “Asociación Ruta do Viño Rías Baixas”.

TERCEIRO.- A designación de D^a Catalina González Bea, Alcaldesa do Concello de Sanxenxo como representante titular deste Concello nos órganos reitores da Asociación, Ruta do Viño Rías Baixas e de D. Salvador Durán Bermúdez, como representante suplente.”

Non se produce debate e a presidencia somete a votación a proposta acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do PP, Sra. presidenta, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Abstencións: 3 (Grupo municipal do BNG).

En consecuencia a **Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais**, por maioría acorda propoñer ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a incorporación do Concello de Sanxenxo á “Asociación Ruta do Viño Rías Baixas”.

SEGUNDO: aprobar os estatutos da “Asociación Ruta do Viño Rías Baixas”.

TERCEIRO: designar a D^a Catalina González Bea, alcaldesa do Concello de Sanxenxo, representante titular deste concello nos órganos reitores da “Asociación Ruta do Viño Rías Baixas” e de D. Salvador Durán Bermúdez, representante suplente.”

Non se produce debate e a presidencia somete a votación o contido do ditame que é aprobado por unanimidade e, en consecuencia, a Corporación Municipal en Pleno acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a incorporación do Concello de Sanxenxo á “Asociación Ruta do Viño Rías Baixas”.

SEGUNDO: Aprobar os estatutos da “Asociación Ruta do Viño Rías Baixas”.

TERCEIRO: Designar a D^a Catalina González Bea, alcaldesa do Concello de Sanxenxo, representante titular deste concello nos órganos reitores da “Asociación Ruta do Viño Rías Baixas” e de D. Salvador Durán Bermúdez, representante suplente.-----

181 : MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF). APROBACIÓN INICIAL : Pola Sra. Secretaria dáse conta do ditame da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais que literalmente di:

“”3º) MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF). APROBACIÓN INICIAL. Pola Sra. secretaria dáse lectura a proposta da alcaldía que literalmente di:

“”MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF) NO CONCELLO DE SANXENXO POLA ENTRADA EN VIGOR DA LEI DE DEPENDENCIA.

Visto o informe das traballadoras sociais deste concello que literalmente di:

“”A presente proposta ten por obxecto adaptar o regulamento do servizo de axuda no fogar municipal a tenor do exposto na Orde do 18 de marzo de 2008 pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvención destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais , publicada no DOG nº 60 do 28 de marzo de 2008.

Neste orde prevese a incorporación e adaptación dos servizos sociais de atención primaria municipais para a súa participación na xestión de prestacións ás persoas en situación de dependencia no ámbito das súas competencias, nomeadamente mediante a axuda no fogar municipal, en coherencia coa progresiva implantación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía e Atención á Dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia, mediante o cal se aplican os servizos e prestacións do Sistema para Autónoma e Atención á Dependencia en Galicia.

O artigo 6.c) da Orde do 18 de marzo de 2008 pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais, contempla que as corporacións locais establecerán a nivel local os mecanismos correctores nos procedementos de acceso á prestación de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas, mentres non se estableza polo Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia os criterios e sistema de copagamento do servizo.

Así, e de conformidade coa Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do Programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de compatibilidades das prestacións e xestións das prestacións económicas do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia, propónse a adaptación do regulamento municipal do servizo de axuda no fogar, para persoas dependentes tendo en conta o seguinte:

Ampliárase a cobertura de horas de atención, podéndose prestar de luns a domingo:

De maneira progresiva, a axuda no fogar prestada a persoas en situacións de dependencia valorada, será realizada coas seguintes intensidades:

GRAO E NIVEL DE DEPENDENCIA	HORAS DE ATENCIÓN
Grao II (dependencia severa), nivel 1	Entre 30 e 40 horas mensuais
Grao II (dependencia severa), nivel 2	Entre 40 e 55 horas mensuais
Grao III (gran dependencia), nivel 1	Entre 55 e 70 horas mensuais
Grao III (gran dependencia), nivel 2	Entre 70 e 90 horas mensuais

Para as persoas que non teñan recoñecida a situación de dependencia establécese un máximo de 30 horas ao mes.

*De conformidade co artigo 26.2, da xa citada orde do 17 de decembro de 2007, sobre a determinación da capacidade económica das persoas dependentes, a renda da persoa beneficiaria valorarase atendendo aos ingresos netos que perciba, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensión e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos das actividades económicas e patrimoniais. A este efecto, enténdese por patrimonio o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa en situación de dependencia, excepto a vivenda habitual.

*Cando a persoa beneficiaria tivese ao seu cargo ao cónxuxe ou parella de feito, ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos ou maiores en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dela, a súa capacidade económica determinarase dividindo a súa renda e patrimonio entre o número de persoas tidas en conta ademais do beneficiario.

*A aportación económica ao SAF dos usuarios será o resultado da aplicación do baremo económico recollido no anexo I.O acceso ao servizo será gratuíto para aquelas persoas cuxa renda per cápita sexa inferior ou igual ao IPREM vixente por cada ano (516,90 €/mensuais ano 2008).

ANEXO I

BAREMO ECONÓMICO

INGRESOS USUARIOS (Renta percapita)	CUSTO ASUMIDO POLOS USUARIOS
Ingresos iguais ou inferiores ao 100% do IPREM	0%
Ingresos superiores ao 100% e que non excedan do 150% do IPREM	5%
Ingresos superiores ao 150% e que non excedan do 200% do IPREM	10%
Ingresos superiores ao 200% e que non excedan do 250% do IPREM	15%
Ingresos superiores ao 250% e que non excedan do 300% do IPREM	20%
Ingresos superiores ao 300% e que non excedan do 350% do IPREM	30%
Ingresos superiores ao 350% e que non excedan do 400% do IPREM	40%
Ingresos superiores ao 400% e que non excedan do 450% do IPREM	50%
Ingresos superiores ao 450% e que non excedan do 500% do IPREM	60%
Ingresos superiores ao 500% e que non excedan do 550% do IPREM	70%
Ingresos superiores ao 550% e que non excedan do 600% do IPREM	80%
Ingresos superiores ao 600% do IPREM e que non excedan do 650% do IPREM	90%
Ingresos superiores ao 650% do IPREM	100%

BAREMO ECONÓMICO

RENDA PERCÁPITA	APORTACIÓN USUARIOS 2008
<516,90	GRATUIDADE
>516,90 <775,35	5%
>775,35 <1.033,80	10%
>1.033,80 <1.292,25	15%
>1.292,25 <1.550,70	20%
>1.550,70 <1.809,15	30%
>1.809,15 <2.067,60	40%
>2.067,60 <2.326,05	50%
>2.326,05 <2.584,50	60%
>2.584,50 <2.842,95	70%
>2.842,95 <3.101,40	80%
>3.101,40 <3.359,85	90%
>3.359,85	100%

Esta alcaldía, propón ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar inicialmente a “**MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF) NO CONCELLO DE SANXENXO**” antes transcrita; modificación que anula as disposicións do regulamento do SAF que se opoñan á mesma.

SEGUNDO: expoñer durante o prazo de trinta días no Boletín Oficial da provincia o expediente ós efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobado no caso de que estas non se produciran.

TERCEIRO: a eficacia e entrada en vigor da modificación deste regulamento producirase unha vez que transcorran quince días dende a inserción do texto do devandita modificación no Boletín Oficial da Provincia.””

Non se produce debate a presidencia somete a votación a proposta da alcaldía acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do PP, Sra. presidenta, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Abstencións: 3 (Grupo municipal do BNG).

En consecuencia a Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais, por maioría acorda propoñer ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar inicialmente a “**MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF) NO CONCELLO DE SANXENXO**” antes transcrita; modificación que anula as disposicións do regulamento do SAF que se opoñan á mesma.

SEGUNDO: expoñer durante o prazo de trinta días no Boletín Oficial da provincia o expediente ós efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobado no caso de que estas non se produciran.

TERCEIRO: a eficacia e entrada en vigor da modificación deste regulamento producirase unha vez que transcorran quince días dende a inserción do texto do devandita modificación no Boletín Oficial da Provincia.””

Non se produce debate e a presidencia somete a votación o contido do ditame que é aprobado por unanimidade e, en consecuencia, a Corporación Municipal en Pleno acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a “**MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF) NO CONCELLO DE SANXENXO**” antes transcrita; modificación que anula as disposicións do regulamento do SAF que se opoñan á mesma.

SEGUNDO: Expoñer durante o prazo de trinta días no Boletín Oficial da provincia o expediente ós efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobado no caso de que estas non se produciran.

TERCEIRO: A eficacia e entrada en vigor da modificación deste regulamento producirase unha vez que transcorran quince días dende a inserción do texto do devandita modificación no Boletín Oficial da Provincia.-----

Neste intre e con permiso da presidencia, incorpórase á sesión a concelleira do Grupo Municipal do B.N.G., Sra. González Camiña.-----

182 : REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO E USO DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS. APROBACIÓN INICIAL : Pola Sra. Secretaria dáse conta do ditame da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais que literalmente di:

“2º) **REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO E USO DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS. APROBACIÓN INICIAL.** Pola Sra. secretaria dáse lectura a proposta da alcaldía que literalmente di:

“O aumento das instalacións deportivas municipais e da demanda de utilización das mesmas, fai necesario a elaboración dunha normativa que regule o uso e funcionamento.

Esta regulamentación aspira a constituír un instrumento eficaz que optimice a utilización da “**Cidade Deportiva Municipal de Sanxenxo**”, “**Campo Municipal de Vilalonga**”, “**Campo Municipal de Noalla**” e “**Campo Municipal de Baltar**”, co fin de ofrecer o mellor servizo ó usuario.

Para alcanzar estes obxetivos non basta a norma. É preciso apelar ó espírito cívico que debe presidir o uso das instalacións e ós valores de tolerancia e respecto, imprescindibles para o desenrolo da práctica deportiva, en definitiva, para disfrutar da oferta pública do deporte e ocio en convivencia cós demais usuarios.

Visto o texto deste regulamento e a normativa legal, esta alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar inicialmente o “**REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO E USO DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS**” que consta de **corenta e catro artigos e dúas disposicións finais.**

SEGUNDO: expoñer durante o prazo de trinta días no Boletín Oficial da provincia o expediente ós efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobado no caso de que estas non se produciran.

TERCEIRO: a eficacia e entrada en vigor deste regulamento producirase unha vez que transcorran quince días dende a inserción do texto do devandito programa no Boletín Oficial da Provincia.””

A Sra. presidenta pregunta si algún membro da comisión quere incorporar algunha suxestión ó regulamento.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, representante do Grupo Municipal Mixto, pregunta si na elaboración deste regulamento participaron os clubs deportivos.

A Sra. presidenta dixo que se se dera coñecemento ós clubs, seguramente a máis de un non lle gustaría porque o que eles queredrían sería dirixir os campos ó seu xeito, pero os campos son municipais e os dirixe o concello.

A continuación o Sr. Rodríguez Lorenzo manifesta que non leu todo o regulamento pero interesa se lle explique o que quere dicir o artigo 4.3.

A **Sra. presidenta** di que se pretende o regulamento sexa áxil e que si se fan algunhas instalacións novas anexas ós campos de fútbol se poden xestionar sen necesidade de modificar o regulamento de cada vez. O que se quere evitar é que se produzan desfeitas nos campos e será “Terra de Sanxenxo” o que o organice porque a concellería de deportes está integrada nese organismo autónomo. Este regulamento é para todos os campos, aínda que as obras estean sen rematar ou as obras non fosen recibidas polo concello. Trátase de dar unha maior celeridade, así cando as instalacións estean rematadas ou recibidas, xa se poderá aplicar inmediatamente este regulamento, e non esperar ata que estea aprobado.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifesta que si se necesita este regulamento e que debería de recoller tamén os pavillóns de Baltar e Vilalonga.

A **Sra. presidenta** manifesta que este regulamento é unha ferramenta para facer actividades.

O **Sr. Fernández Lores, representante do Grupo Municipal do BNG**, di que sería conveniente asinar convenios cos clubs.

A **Sra. presidenta** contesta que non, polas actividades que vaian organizar a maiores que si, pero que cada club terá un uso preferente no seu campo para adestramentos e partidos oficiais, segundo se reflicte no capítulo cuarto deste regulamento.

O **Sr. Durán Bermúdez, representante do Grupo Municipal do PP**, di que queda aberto o campo de Baltar.

O **Sr. Fernández Lores** pregunta cal é a diferenza entre recinto interior e instalación.

Prodúcese un longo debate acerca diso, que non está moi claro, que onde se pode fumar ou non e, para evitar confusións, os membros da comisión deciden **modificar o artigo 15.g** que di: “fumar en todo o recinto interior” e que deberá dicir **“fumar en toda a instalación”**.

O **Sr. Fernández Lores** pregunta á Sra. presidenta si vai moito o fútbol. Di que si se prohibe fumar, deixará de ir. Que non debe haber tantas restricións para disfrutar dun partido de fútbol e debería ser un pouco máis flexible.

A **Sra. presidenta** di que non, que non vai moito ó fútbol e que o concello ten que velar para protexer as instalacións e que cantas máis normas haxa mellor, que estes investimentos custan moitos cartos. Temos que conseguir actitudes cívicas

O **Sr. Durán Bermúdez** di que os clubs son os responsables do coidado das instalacións lles convén ter un regulamento por si se produce un mal uso.

A **Sra. presidenta** da lectura o artigo 19.9 en relación ó manifestado polo Sr. Durán Bermúdez.

A **Sra. Aguíñ Pombo, representante do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, di si se contempla algunha exención no prezo público de uso destas instalacións.

A **Sra. presidenta** di que as exencións se contemplan nunha ordenanza. Que aínda non está feita.

O **Sr. Fernández Lores** da lectura o artigo 4.2 referente a este aspecto.

Sometido a votación a proposta da alcaldía, coa modificación do artigo 15.g acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal do PP e Sra. presidenta)

Abstencións: 6 (Grupo municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia a **Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais**, por maioría acorda propoñer ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar inicialmente o **“REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO E USO DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS”** que consta de **corenta e catro artigos e dúas disposicións finais**.

SEGUNDO: expoñer durante o prazo de trinta días no Boletín Oficial da provincia o expediente ós efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobado no caso de que estas non se produciran.

TERCEIRO: a eficacia e entrada en vigor deste regulamento producirase unha vez que transcorran quince días dende a inserción do texto deste regulamento no Boletín Oficial da Provincia.”

Inicia o debate o **voceiro do Grupo Municipal Mixto, D. José Luis Rodríguez Lorenzo**, quen indica que na comisión informativa preguntou si na elaboración deste regulamento habían participado os clubs deportivos, xa que é importante contar con eles.

A **voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, D^a M^a Dulcinea Aguíñ Pombo**, manifesta que á vista doutros regulamentos consultados podería ser útil engadir: *“que as instalacións deben adaptarse ás normas urbanísticas de accesibilidade, así como a prohibición de tirar desperdicios e facer uso das papeleiras”*.

A **Sra. Alcaldesa** indica que o texto informouse na comisión informativa e que no período de información pública poderán incorporarse alegacións, e sinala que conta có respaldo dos clubs.

O **voceiro do Grupo Municipal do BNG, D. Roberto-Alfonso Fernández Lores**, expón que se absterá na votación porque no texto do regulamento hai partes pouco claras e outras demasiado explícitas; e pregunta si se recolle a modificación aprobada na comisión informativa.

A **Sra. Alcaldesa** indica que o texto do regulamento está claro, que a modificación do art 15.g), substitución da expresión de recinto interior por instalación, está recollida na acta da comisión informativa e que prohíbese fumar ou comer pipas porque ó tratarse de herba sintética prexudica a instalación.

Sometido o ditame a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Abstencións: catro (Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, a Corporación Municipal en Pleno adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o **“REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO E USO DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS”** que consta de **corenta e catro artigos e dúas disposicións finais.**

SEGUNDO: Expoñer durante o prazo de trinta días no Boletín Oficial da provincia o expediente ós efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobado no caso de que estas non se produciran.

TERCEIRO: A eficacia e entrada en vigor deste regulamento producirase unha vez que transcorran quince días dende a inserción do texto deste regulamento no Boletín Oficial da Provincia.-----

183 : EXPTE. Nº U-826/06 DE “COMISIÓN XESTORA DO SU-17”. APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN PARCIAL EN DESENVOLVEMENTO DO SOLO URBANIZABLE Nº 17 EN PADRIÑÁN : Pola Sra. Secretaria dáse conta do ditame da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Urbanismo que literalmente di:

“”2º) EXPTE. Nº U-826/06 DE “COMISIÓN XESTORA DO SU-17”. APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN PARCIAL EN DESENVOLVEMENTO DO SOLO URBANIZABLE Nº 17 EN PADRIÑÁN. Dáse conta do expediente ós asistentes, así como da proposta do xerente municipal de urbanismo do 18/08/08 que literalmente di:

“”Rafael Vázquez Abal, Xerente de Urbanismo da Xerencia Municipal do Concello de Sanxenxo, por Resolución da Sra. Alcaldesa-Presidenta de data de 15 de xaneiro de 2007.

Á vista de:

*Aprobación inicial do Plan Parcial do SU – 17 pola Xunta de Goberno Local en data de 17 de abril de 2008.

*Certificación da Secretaría Municipal de data de 4 de xullo de 2008, acreditativa da existencia das alegacións presentadas á devandita aprobación inicial.

*Informe do Arquitecto Municipal de data de 31 de xullo de 2008 desestimando as alegacións presentadas.

*Informe da Asesora Xurídica de data de 7 de agosto de 2008 desestimando igualmente as alegacións presentadas.

*Informe do Interventor accidental de data de 18 de agosto de 2008 fiscalizando o expediente.

Considerando que ó abeiro do disposto no artigo 29.1.g) dos "Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo", entre das facultades do Xerente atópase a propoñe-la aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento e de xestión urbanística.

E que ó abeiro do disposto no artigo 21.1.b) dos "Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo", entre das facultades do Consello da Xerencia, atópase a de elevar ó Pleno do Concello proposta de resolución respecto da aprobación definitiva dos instrumentos de ordenación urbanística.

En consecuencia, e á vista de todo o anteriormente exposto,

PROPONSE Ó CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO:

1º) Propoñer ó Pleno do Concello proceder á APROBACIÓN DEFINITIVA do plan parcial para desenvolvemento do S.U. nº 17, sito en Padriñan- Sanxenxo ao abeiro do disposto no artigo 86.2) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro.

2º.- Ao abeiro do disposto no artigo 92.2) desa mesma Lei, o acordo de aprobación definitiva haberá de publicarse, no prazo dun mes dende a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia; e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas, no B.O.P.

3º.- Nese anuncio de aprobación definitiva farase constar a comunicación do acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e do traslado á mesma de copias autenticadas de dous exemplares do instrumento, coa dilixencia da Secretaría Xeral de aprobación definitiva."

Visto o informe do **arquitecto municipal** do **31/07/08** que literalmente di:

""Vista a documentación obrante no expediente, a normativa urbanística de aplicación e as cinco alegacións presentadas, SE INFORMA:

01.O plan parcial para o desenvolvemento do solo urbanizable delimitado nº 17 foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local do Concello de Sanxenxo en sesión celebrada o día 17 de abril de 2008. Unha vez sometido a exposición pública, de acordo co certificado emitido polo Secretario Municipal con data 4 de xullo de 2008, foron recibidas cinco alegacións, tres durante o período de exposición pública e dous con anterioridade ó mesmo.

02.ALEGACIÓN PRESENTADA POR D. JOSE MANUEL OTERO REY (registro de entrada nº 1.593, de 17 de abril de 2008)

O alegante solicita ter acceso e poder obter copias dos documentos contidos no expediente do plan parcial.

O escrito presentado polo alegante non plantexa alegación algunha ó contido do proxecto tramitado.

03.ALEGACIÓN PRESENTADA POR D. JOSE MANUEL OTERO REY (registro de entrada nº 1.594, de 17 de abril de 2008)

O alegante solicita que non se tramite o plan parcial por non contar os promotores da iniciativa coa titularidade do 50% dos terreos afectados.

O tratarse dun tema de propiedade, o técnico que subscribe se remite ó informe que emitan os servizos xurídicos, se ben compre sinalar que con data 24 de xullo de 2008 e registro de entrada nº 3.153 D. Crisanto Rial López, en representación do Arcebispo de Santiago de Compostela, presentou escrito no que indica que o Arcebispo conta con 10.210 m² de terreo dentro do sector S.U.17, e que dan a súa conformidade o plan parcial aprobado inicialmente e á tramitación da aprobación definitiva.

04.ALEGACIÓN PRESENTADA POR D. VICTORIANO ANDRÉS OTERO IGLESIAS (registro xeral do Concello de Sanxenxo, entrada nº 4.447, de 23 de xuño de 2008)

O alegante indica que existe unha incoherencia entre os planos e a memoria do plan parcial na abreviatura da ordenanza de "residencial unifamiliar o en hilera". Fai, asemade, unha serie de consideracións relativas ás pendentes dos viais previstos no plan parcial e a relación destes cos viais existentes fora do sector.

En relación á primeira cuestión, compre sinalar que efectivamente existe unha discrepancia na abreviatura da ordenanza de "residencial unifamiliar o en hilera", toda vez que nos planos e en boa parte da memoria se indica RUA, mentres que no texto da ordenanza, páxina 47 da memoria, se denomina RUH. Non obstante, esta diferenza non dá lugar a erro algún na aplicación do propio plan parcial, toda vez que no texto da ordenanza de "residencial unifamiliar o en hilera", se abrevie como se abrevie, se indica para que quinteiros é de aplicación (os números 2, 3, 5 e 6). Así e todo, compre sinalar que o promotor aportou, con data 24 de xullo de 2008 e registro de entrada nº 3.152, a folia 47 da memoria do plan parcial corrixindo o erro indicado.

En relación ás consideracións na alegación relativas os viais do plan parcial, compre sinalar o seguinte:

-O sector S.U.17 ven limitado polo este por un vial perimetral existente. O plan parcial propón a ampliación da anchura de dito vial cara o interior do sector, pasando dunha anchura actual duns 4 metros a unha anchura proposta no plan parcial de entre 9,6 e 13 metros.

O alegante propón que se modifique o trazado e a rasante de dito vial, desprazándoo cara o este, tanto no ámbito do plan parcial como fora del, o cal sería totalmente improcedente, toda vez que o plan parcial conserva tanto a rasante actual do vial, como os seus límites polo este, e de modificalos, se afectaría a un gran número de propiedades fora do solo urbanizable, que non so se vería recortadas por unhas novas aliñacións non previstas no plan xeral, senón que ademais que quedarían sen acceso directo desde o vial, xa que se xeraría un desnivel importante entre o vial modificado e parte das parcelas exteriores ó solo urbanizable 17.

-O alegante di que o plan parcial prevé no vial indicado no punto anterior, no tramo que limita co sector S.U.17, unhas pendentes excesivas, é que ditas pendentes son aínda maiores seguindo o vial xa fora do entorno do S.U.

Compre indicar que ditas pendentes son as existentes na actualidade no vial, non sendo modificadas polo plan parcial, e se corresponden coa forte topografía do terreo. Tal como se indica no punto anterior, non procede que un plan parcial modifique as rasantes de viais exteriores ó ámbito do mesmo, xa que perxudicaría a propietarios de terreos non intuídos no sector e que, sen embargo, non resultarían beneficiados coa actuación, incumpríndose o principio de equidistribución de beneficios e cargas.

05.ALEGACIÓN PRESENTADA POR D. ALEXANDER BLANCO SOBRINO, EN REPRESENTACIÓN DE OREN-PISO S.L. (registro de entrada nº 2.539, de 13 de xuño de 2008)

O alegante indica, por unha parte, que os promotores non contan co 50% dos terreos necesarios para tramitar o plan parcial, e, por outra, que debido as diferenzas existentes entre a superficie medida nos planos e a indicada nos cadros do plan xeral, se debería tramitar unha modificación do mesmo.

En relación á primeira cuestión, o tratarse dun tema de propiedade, o técnico que subscribe se remite ó informe que emitan os servizos xurídicos, se ben compre sinalar que con data 24 de xullo de 2008 e registro de entrada nº 3.153 D. Crisanto Rial López, en representación do Arcebispado de Santiago de Compostela, presentou escrito no que indica que o Arcebispado conta con 10.210 m² de terreo dentro do sector S.U.17, e que dan a súa conformidade o plan parcial aprobado inicialmente e á tramitación da aprobación definitiva.

En relación á segunda cuestión, e tal como se indicou no informe técnico correspondente á aprobación inicial do plan parcial, nos cadros contidos no texto do Plan Xeral a superficie prevista para o ámbito do sector S.U.17 é de 29.736 m², e a superficie medida sobre os planos de ordenación é de 45.966,84 m². Non obstante, esta incoherencia queda solventada no propio texto do Plan Xeral, que indica expresamente que a superficie exacta de cada sector será a deducida dos planos de ordenación á escala adecuada, sendo en consecuencia a superficie inicial a considerar a que se mide nos planos de ordenación a escala 1/5000 (45.966,84 m²) e non a indicada nos cadros. Sobre esta superficie, e dentro do límite do 5% previsto no artigo 65.2 da Lei 9/2002, modificada pola Lei 15/2004 e pola Lei 6/2008, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (Lei 9/02), o plan parcial propón unha delimitación para axustarse ó parcelario existente, de xeito que a superficie do sector a considerar é de 48.264 m². O plan parcial respecta o coeficiente de edificabilidade establecido polo Plan Xeral, coeficiente que se aplica, tal como se indica no propio PXOM, sobre a superficie delimitada polo plan parcial.

06.ALEGACIÓN PRESENTADA POR Dña. JUANA MARÍA OTERO FERNÁNDEZ (registro de entrada nº 2.243, de 28 de maio de 2008)

O escrito presentado polo alegante non plantexa alegación algunha ó contido do proxecto tramitado, toda vez que unicamente solicita non ser notificada.

Á vista do indicado nos puntos anteriores, compre desestimar todas as alegacións presentadas por cuestións técnicas, se ben en relación ás cuestións plantexadas nas mesmas relativas a temas de propiedade, o técnico que subscribe se remite ó informe que emitan os servizos xurídicos.

Compre, asemade, requirir ó promotor para que previamente á aprobación definitiva, se é o caso, presente un plan parcial refundido recollendo os distintos documentos do plan parcial aprobado inicialmente, xa que existen planos con datas de visado diferentes, e no que se incorpore a folla 47 corrixida da memoria, indicada no punto 04 do presente informe.

Compre sinalar que, de acordo co punto 2 da disposición transitoria segunda da Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, procede tramitar a aprobación definitiva do plan parcial do S.U.17, toda vez que non transcorreron dous anos desde a entrada en vigor da Lei, e o plan parcial prevé a reserva de máis dun 20% da superficie edificable residencial para vivenda sometida a algún réxime de protección pública.^{""}

Visto o informe da **asesora xurídica** do **07/08/08** que literalmente di:

^{""}Na data do 30 de novembro de 2006, pola Comisión Xestora do S.U. 17 procedeuse a presentar o Plan Parcial para desenvolvemento do S.U. 17, baixo o número de expediente U- 826/06.

Posteriormente, e unha vez constatado que os propietarios contaban cunha superficie aproximada de 30.941,23 m² dentro do ámbito- o que supón unha porcentaxe aproximada de 64,1 da superficie total do ámbito- dando así cumprimento o sinalado no artigo 74.c) da LOUGA, onde se esixe que os plans de iniciativa particular deberán acreditar a aceptación polos propietarios que representen mais do 50% da superficie do ámbito de planeamento, procedeuse a aprobación inicial .

Na data do 17 de abril de 2006, pola Xunta de Goberno Local acordouse prestar aprobación inicial ó Plan Parcial de desenvolvemento do Solo Urbanizable nº 17, sito no lugar de Padriñán- Sanxenxo, a instancia da comisión xestora do S.U. 17.

Unha vez aprobado, o expediente someteuse a exposición pública mediante comunicación individualizada aos propietarios e colindantes, e anuncios inseridos no "Faro de Vigo" o día 8 de Agosto, na "Voz de Galicia" o día 7 de Agosto, no Boletín Oficial da Provincia o 13 de maio, e no Diario Oficial de Galicia o 13 de maio de 2008, durante o devandito período de exposición pública presentáronse 3 escritos de alegacións, e 2 antes do inicio do período de exposición pública, segundo se desprende da certificación expedida polo secretario accidental do Concello de Sanxenxo.

Asi mesmo, remitido as mercantís as alegacións presentadas, éstos presentan escrito de contestación as mesmas na data do 24 de xullo de 2008- rexistro de entrada nº 3152.

De seguido, pasamos a analizar as alegacións presentadas:

Alegación de Dña. JUANA Mª OTERO FERNANDEZ, na data do 28 de maio de 2008 – rexistro de entrada na Xerencia Municipal de Urbanismo de Sanxenxo nº 2243- Na mesma a interesada solicita que non se lle practiquen mais notificacións, sin entrar a valorar ningún aspecto do instrumento de planeamento.

Alegación de D. ALEXANDER BLANCO SOBRINO, en nome e representación da mercantil OREN PISO S.L.- na data do 13 de xuño de 2008 – rexistro de entrada na Xerencia Municipal de Urbanismo de Sanxenxo nº 2539- Polo mesmo sinalase as seguintes consideracións:

Incumplimento do artigo 74.c) da LOUGA. Neste senso, cumpre suliñar que o mentado artigo reza textualmente "os plans de iniciativa particular o que teñan por obxecto actuacións urbanísticas de iniciativa particular deberán, ademais das determinacións establecidas neste título: acreditar en caso de plans elaborados por iniciativa particular, a aceptación polos propietarios que representen mais do 50% da superficie do ámbito de planeamiento". Tal e como consta na documentación aportada pola promotora os mesmos contan cunha superficie dentro do ámbito superior o 50%- contan cunha superficie aproximada de 36.720 m², dentro dun ámbito de 48.264 m², polo que a que suscribe entende que teñen a superficie requerida legalmente para poder tramitar o mentado instrumento de planeamento. Polo exposto procede desestimar esta alegación.

En segundo termo pola mercantil sinalase que procede a modificación puntual do planeamento ou unha corrección material debido a discrepancia existente entre a superficie do ámbito. Con respecto a esta alegación xa se procedeu por parte dos técnicos municipais e por parte da Secretaría Xeral do Concello a emitir sendos informes sobre este tenor, polo que esta asesoría xurídica estima que queda contestado suficientemente esta alegación, e polo tanto cumpre desestimala.

3. Alegación de D. VICTORIANO ANDRES OTERO IGLESIAS, - na data do 13 de xuño de 2008- rexistro no Concello de Sanxenxo nº 4447. Na mesma polo interesado fanse unha serie de consideracións no tocante a unha posible discordancia na denominación dunha ordenanza que a parte promotora corrixe no escrito de resposta das alegacións presentado, polo que tal discordancia queda totalmente solventado.

Asemade o interesado fai unha serie de alegacións no tocante os viais perimetrais do plan parcial. Neste senso remítome integramente o sinalado no informe emitido polo arquitecto municipal na data do 31 de xullo de 2008, e consecuentemente procede desestimar esta alegación.

4. Duas alegacións presentadas con anterioridade a aprobación inicial do plan parcial a instancia de D. JOSE MANUEL OTERO REY, na data do 17 de abril de 2008 – rexistro de entrada na Xerencia Municipal de Urbanismo nº 1593 e 1594. No primeiro escrito o interesado solicita a vista do expediente administrativo do plan parcial toda vez que o mesmo – sen acreditar- sinala ser propietario dunha parcela dentro do solo urbanizable. No tocante a este escrito cumpre suliñar que o expediente estivo a exposición pública durante o período sinalado legalmente e en ningún momento se negou o acceso o mesmo.

No segundo escrito, polo interesado solicítase que non se proceda a aprobación inicial do plan parcial, debido a distintas diverxencias entre o superficie do ámbito e que os promotores non cumplan coa superficie mínima esixida pola lexislación urbanística. En canto o primeira alegación remítome os informes emitidos polas secretaria xeral e polo técnico municipal que foron incorporados a aprobación inicial do plan parcial. En canto a cuestión de si promotores contan coa superficie de mais do 50% do ámbito para poder aprobar o instrumento de desenvolvemento, esta asesoría remítese o sinalado anteriormente a este tenor. Polo exposto cumpre desestimar as alegacións presentadas. Asemade cumpre suliñar que por parte deste interesado en ningún momento se acreditou a titularidade dos terrenos e non se procedeu a presentar alegación algunha no período de exposición pública.

Asemade por parte da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible na data do 6 de marzo de 2008, emitíndose informe por ese organismo sectorial - rexistro de entrada nº 1567 de 10 de marzo de 2008- sobor da NON necesidade de someter o presente Plan Parcial o procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica."

Visto o informe do **secretario accidental** do **25/08/08** que literalmente di:

"No Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 21.08.08, tratouse a cuestión de se a parcela na que se atopan situados os depósitos para a subministro municipal de auga, incluída no S.U.- 17, era de titularidade municipal.

A Presidenta solicitou posteriormente a esta Secretaría un informe xurídico sobre este tema.

O Pleno do Concello de Sanxenxo, con data 27.12.91 aprobou un Convenio Urbanístico asinado por D. Fernando Lafuente Lestón e o Alcalde de Sanxenxo. En dito Convenio se reflicte que o Sr. Lafuente procedería á cesión de 4.000 m² dunha parcela de 27.980 m² para instalar os depósitos, pero o Concello debía proceder de forma inmediata á recalificación urbanística da parcela da totalidade da finca, para incluíla como solo apto para urbanizar en núcleo rural, cunhas condicións específicas como tipoloxía de vivenda, edificabilidade, altura, densidade de vivendas, dotacións, etc.

Na cláusula 8ª do convenio figura con claridade que a validez e eficacia do mesmo quedaba supeditada á aprobación da modificación das NN.SS.MM. que estaban vixentes. Establecíase que no caso de nos seren aprobadas en 18 meses o Concello debería abonar a D. José Manuel Lafuente González, 12 millóns das antigas pesetas, en concepto de pago do 4.000 m2 ocupados.

O Concello nin modificou as Normas nin pagou os 12 millóns de pesetas e así esta Secretaría considera que os 4.000 m2 en cuestión son de titularidade privada na actualidade.

É certo que a través do PXOM do 2003 a parcela de 27.980 m2 quedou cualificada a finca con solo urbanizable integrada no S.U.-17 pero isto nada ten que ver co convenio asinado no seu día. Incluso as condicións de edificabilidade e desenvolvemento de dito S.U. son distintas as que se reflectían no referido convenio.

En consecuencia conclúese que a titularidade do terreo dos depósitos é privada, aínda que o particular permitiu a instalación dos depósitos durante tantos anos. Ditos terreos están incluídos no Plan Parcial na zona de Equipamentos.”

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, representante do Grupo Municipal Mixto** di que a certificación do consello da xerencia realizado o día 21/08/08 ten un erro. No primeiro parágrafo di: *“dáse conta da proposta do xerente de urbanismo para que polo concello pleno se aprobe definitivamente o SU-26 en O Revel-Vilalonga”*. Pregunta se todo o contido desta certificación se refire ó SU-26, ou polo contrario ó SU-17, que é o expediente que nos trae hoxe a comisión.

A **Sra. presidenta** require a presenza do Sr. Sabariz Rolán, secretario acctal. do concello por aquela data, para que aclare o contido do ditame.

O **Sr. Sabariz Rolán** manifesta que solamente se produciu un erro no primeiro parágrafo, donde di “SU-26 en O Revel-Vilalonga” debe dicir “SU-17 en Padriñán” e que todo o contido da certificación se refire ó SU-17 en Padriñán.

A **Sra. presidenta** manifesta que na próxima sesión que realice o consello da xerencia se correxirá este erro e, posteriormente, se incorporará nova certificación ó expediente.

A **Sra. presidenta** pregunta porqué a forma de redacción do acta é diferente que en outras ocasións e o **Sr. Sabariz Rolán** respondeu que se recolleu o acta tal e como se desenrolou o debate. Recordoulle ó Sr. Rodríguez Lorenzo as súas manifestacións en canto á superficie do solo deste ámbito e que na aprobación inicial non se contaba coa superficie suficiente, pero despois cos terreos da igrexa, si.

A **Sra. presidenta** di que logo do remate do consello da xerencia e polas dúbidas surxidas polo concelleiro do grupo mixto solicitou á asesoría xurídica, por escrito, unha ampliación do informe relativo a superficie deste solo urbanizable.

O **Sr. Sabariz Rolán** deu lectura ó escrito ó que se refería a Sra. presidenta.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** solicitou a lectura da ampliación do informe da asesoría xurídica, do 18/09/08, que deu lectura a Sra. secretaria e que literalmente di:

“Na data do 26 de agosto de 2008, pola Alcaldesa Presidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo de Sanxenxo, procedeuse a solicitar informe xurídico no ámbito do solo urbanizable 17 sito no lugar de Padriñán- Sanxenxo, en aras a clarificar a superficie de terrenos cos que contaba o interesado na data de presentación do plan parcial e a superficie unha vez aprobado inicialmente o instrumento de planeamento.

Dous foron as cuestións que se plantexaron polos grupos políticos no Consello da Xerencia; por unha banda sobor dos terrenos que ocupan os depósitos da auga que xa foron obxecto de informe por parte da Secretaría na data do 25 de agosto de 2008. Por outra banda, sobor da superficie con que contaban os promotores do plan parcial antes de procederse a súa aprobación inicial, cuestión que se vai ampliar neste informe.

Se ben en principio existía unha discordancia coa superficie total do ámbito debido a un erro aritmético do Plan Xeral, parece que quedou solventado con sendos informes técnico e xurídicos da Secretaría do Concello emitidos con carácter previo a aprobación inicial do plan parcial.

Unha vez sinalado o anterior, desprendese que a superficie total do ámbito e de 48.264m2, toda vez que por parte dos promotores reaxustouse a superficie nunha cuantía inferior o 5%, tal e como permite o artigo 65.2 da LOUGA. En definitiva a superficie total do ámbito deste plan parcial e de 48.264m2.

En cuanto a obtener copia de la documentación, es un derecho recogido en el art. 105-b de la Constitución Española, en la propia ley de Bases de régimen local, en la Ley de Procedimiento administrativo común, en el Reglamento Orgánico de las Entidades Locales...y en el sentido común que deben tener todos aquellos que gobiernan en una época que todo circula por la red y que no tienen un sentido patrimonialista de los poderes que le han encomendado los ciudadanos para regirlos, fruto de la ignorancia y falta de mesura y cordura política.

Es curioso, todas esas leyes aludidas fueron aprobadas por distintos gobiernos de Felipe González para que los ciudadanos y sus representantes pudieran acceder a la documentación e información de la administración que pagan y les pertenece, ya que la anterior al proceso democrático se perdía entre las brumas de la intolerancia y la "Longa noite de pedra".

Se me ha acusado por el representante del Gobierno Municipal en un conocido medio de comunicación (9 de Septiembre), *"que está claro que el Señor Rodríguez persigue a toda costa titulares en los medios..."*, valorando mi actitud como "deplorable", xa que en política non todo vale".

Vivo de mi trabajo en una empresa, y aunque duermo poco, lo que me permite estar ocupado en un escrito como este, algunos necesitan una elaboración más cuidada para la que se requiere documentación que estoy reuniendo y dentro de unas semanas, cuando esté listo, haré llegar a este pleno la relación de escritos que presente, desde hace 21 años cuando los vecinos por primera vez me eligieron para representarlos en esta corporación, durante sucesivos gobiernos de Coalición Popular, Alianza Popular, Partido Popular, para defender estos derechos -sin tener que someterlos a la consideración de la Justicia como me ha ocurrido ahora- de los miembros de la Corporación y de los vecinos. En ello, ningún miembro de la actual Corporación de Sanxenxo, me puede dar lecciones como, insisto, justificaré documentalente con datos muchos de los cuales se encuentran también en el archivo municipal.

En cuanto a lo manifestado por el representante en el Gobierno del Partido Popular, antes Coalición Popular, anteriormente Alianza Popular y antes... En referencia a lo de *"deplorable, xa que en política non todo vale"*, tiene razón, muchísima razón, NO VALE el mandar a la policía municipal ha hacer el ridículo paralizando las obras de la autovía del Salnés (con titular y foto incluídas), tan necesaria para nuestro municipio y la comarca así como para la vida de los que por ella circulan, en contra del derecho y el sentido común como falló un magistrado para que los trabajos pudiesen proseguir, NO VALE el que el Gobierno Municipal que Vd. preside le esté tomando el pelo a la Consellería de Medio Ambiente, a los vecinos del municipio y a los inversores, no poniendo a su disposición los terrenos necesarios para hacer una depuradora en Dorrón, por no enfrentarse con unos u otros, lo que puede suponernos una multa importantísima, si el expediente abierto concluye en contra de las arcas de Sanxenxo.

Estamos en un período de transición en donde las nuevas tecnologías de la comunicación no han sustituido al papel de escribir, que se consume más que nunca pese a los ordenadores ya que unos ciudadanos las dominan y otros no, pero lo que siguen inmutables son los derechos de los ciudadanos, también los deberes, de los que se encarga Vd. de recordarles a través de los impuestos que, por cierto, a los que tienen el IBI, domiciliado, como premio, ya se lo han cargado en cuenta cuando la cortesía fiscal dice que se espere a los últimos días del período voluntario, como se hace en la gran mayoría de los ayuntamientos; debe ser por eso por lo que ustedes manifiestan que el nuestro es rico, aunque el presupuesto de este año esté tocado.

Por todo ello, por lo que llevo haciendo desde que llegué a la Corporación de Sanxenxo con otros compañeros en junio de 1987 y en tutela de lo que siempre he defendido y sigo defendiendo en nombre de los vecinos, someto a la consideración de la Corporación las siguientes MOCIONES:

QUE SE TOME EL ACUERDO DE INCLUIR EN LA PAGINA WEB DEL MUNICIPIO LOS PRESUPUESTOS MUNICIPALES.

QUE SE TOME EL ACUERDO DE INCLUIR EN LA PÁGINA WEB DEL AYUNTAMIENTO LAS LIQUIDACIONES PRESUPUESTARIAS DE LOS ÚLTIMOS TRES AÑOS.

QUE SE TOME EL ACUERDO EN LA PÁGINA WEB DE SANXENXO EL ESTADO Y EJECUCIÓN DEL PRESUPUESTO POR TRIMESTRE NATURAL.

QUE SE TOME EL ACUERDO DE INCLUIR EN LA PÁGINA WEB DEL AYUNTAMIENTO LOS INGRESOS BRUTOS PERCIBIDOS POR CADA UNO DE LOS MIEMBROS QUE COMPONEMOS LA CORPORACIÓN ASÍ COMO LO QUE RECIBIMOS CADA GRUPO POLÍTICO.

QUE SE TOME EL ACUERDO DE INCLUIR EN LA PAGINA WEB LAS ACTAS DE LA JUNTA DE GOBIERNO.

QUE SE TOMA EL ACUERDO DE INCLUIR EN LA PÁGINA WEB, IGUAL QUE TIENEN OTROS AYUNTAMIENTOS, EL REGLAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIUDADANA, DE FECHA 4 DE MAIO DE 1995, (PUBLICADO EN EL BOP NÚMERO 92, DEL LUNES, 15 DE MAYO DEL MISMO AÑO), SIENDO ALCALDE SANXENXO JOSE LUIS RODRÍGUEZ LORENZO, EN EL CUAL SE RECOGE **“AS DÚBIDAS QUE SE SUSCITEN NA APLICACIÓN DA NORMATIVA SOBRE INFORMACIÓN E PARTICIPACIÓN CIDADÁ INTERPRETARANSE DE MANEIRA QUE PREVALEZA A SOLUCIÓN FAVORABLE Á MAIOR PARTICIPACIÓN E INFORMACIÓN”**.

QUE SE TOMA EL ACUERDO DE QUE EN LOS EDIFICIOS PÚBLICOS MUNICIPALES FIGURE UN BANDO EN EL QUE SE RECOJA QUE LOS CIUDADANOS TIENEN DERECHO A OBTENER DEL CONCELLO DE SANXENXO TODA LA INFORMACIÓN Y DOCUMENTACIÓN QUE CONSIDEREN DE SU INTERÉS, DE CONFORMIDAD CON LAS LEYES, ASÍ COMO LOS PRESUPUESTOS, EJECUCIÓN Y LIQUIDACIONES Y LAS CANTIDADES PERCIBIDAS POR CADA UNO DE LOS MIEMBROS DEL PLENO.””

O voceiro do Grupo Municipal do PP, D. Angel Casal Moldes, expón que votará en contra da urxencia da moción porque, acábase de poñer en funcionamento a páxina web e nos próximos meses irá dotándose de máis contido.

Sometida a urxencia votación, acadou o seguinte resultado:

Votos a favor: oito (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto.

Votos en contra: nove (Grupo Municipal do PP).

En consecuencia, non se debateu a moción.-----

191 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOBRE A MODIFICACIÓN DA DIRECTIVA 2003/88/CE RELATIVA Á ORDENACIÓN DO TEMPO DE TRABALLO. (R. DE ENTRADA NÚM. 6688 DO 25/09/08) : Pola Sra. voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Sra. Agúin Pombo dáse lectura da moción que literalmente di:

“”O Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta diante do Pleno da Corporación esta **MOCIÓN, sobre a MODIFICACIÓN DA DIRECTIVA 2003/88/CE RELATIVA Á ORDENACIÓN DO TEMPO DE TRABALLO**, en base ás consideracións recollidas na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O tempo de traballo é un dos elementos esenciais da relación laboral. Non é casual que as primeiras normas laborais tivesen como función esencial acabar coas xornadas extenuantes que os empresarios impoñían aos seus traballadores. As primeiras loitas obreiras lograron leis protectoras das mulleres e dos nenos, garantindo límites ás súas xornadas de traballo. Desde entón, a paulatina redución do tempo de traballo foi unha constante reivindicación da clase traballadora e, a súa vez, un símbolo de avance social.

O pasado día 10 de xuño o Consello de Ministros da Unión Europea de Emprego e Política Social aprobou a proposta de revisión da Directiva sobre tempo de traballo, de 1993.

O texto aprobado permite aumentar ata 65 horas a xornada laboral, o que supón un significativo paso atrás en materia de protección dos dereitos dos traballadores, que quebra garantías consagradas no Tratado e na Carta de Dereitos Fundamentais, e retrocede respecto á xurisprudencia do Tribunal de Xustiza Europeo, abocando a millóns de traballadores e traballadoras a horarios esaxerados.

A postura española diante da proposta de Directiva foi de oposición a que mediante acordo individual entre o empresario e o traballador poida traballarse máis de 48 horas á semana, por diversas e sólidas razóns: consagraría na lexislación comunitaria unha xornada de traballo moi superior á aplicada na maioría dos países membros; supoñería renunciar á negociación colectiva en aras do acordo individual entre empresario e traballador, coa desprotección que iso supón para os traballadores e traballadoras; empeoraría as condicións de seguridade e saúde no traballo; prexudicaría a conciliación da vida laboral e familiar; e abriría a porta a prácticas de competencia desleal entre empresas, fomentando a deslocalización industrial.

Por outro lado, o Parlamento de Galicia aprobou o 10 de setembro do ano en curso, por unanimidade, unha Resolución na que rexeita a proposta de Directiva da Unión Europea sobre a ampliación máxima do tempo de traballo semanal aprobada, por maioría cualificada, polos ministros da Unión Europea.

Polo que,

O Grupo Municipal socialista **somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN**, para que este adopte os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Instar ao Goberno a continuar liderando a oposición á ampliación da xornada laboral.

Segundo.- Apoiar ao Goberno para que siga traballando co grupo de países que tratará de modificar a Directiva 2003/88/CE, relativa á Ordenación do Tempo de Traballo, cando sexa tramitada no parlamento Europeo.

Terceiro.- Trasladar esta moción os interlocutores sociais, ao Ministerio de Traballo e Inmigración, á representación en España na Comisión Europea, ao Parlamento Europeo e a todos os Grupos do Parlamento Europeo, solicitando o seu apoio para rexeitar a modificación da mencionada Directiva.””

Sometida a urxencia votación, foi aprobada por unanimidade de tódolos concelleiros.

A **Sra. Aguíñ Pombo** manifesta que o contido da moción está claro e non necesita máis argumentos.

O **voceiro do Grupo Municipal Mixto, D. José-Luis Rodríguez Lorenzo**, considera acertada a moción.

O **voceiro do Grupo Municipal do PP, D. Angel Casal Moldes**, móstrase igualmente de acordo coa moción.

Sometida a votación a moción foi aprobada por unanimidade nos termos antes transcrita.-----

192 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOBRE A XORNADA MUNDIAL POLO TRABALLO DECENTE. (R. DE ENTRADA NÚM. 6690 DO 25/09/08) : A proposta da **voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, D^a M^a Dulcinea Aguíñ Pombo**, pásase a tratar a seguinte moción pola similitude de contido coa anterior, alterándose a orde cronolóxica de presentación.

Pola **Sra. Aguíñ Pombo** dáse lectura a moción que literalmente di:

“”O **Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta diante do Pleno da Corporación esta **MOCIÓN, sobre a XORNADA MUNDIAL POLO TRABALLO DECENTE**, en base ás consideracións recollidas na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Declaración da Organización Internacional do Traballo (OIT), relativa aos principios e dereitos fundamentais no traballo, adoptada no 1998, obriga a respectar e promover entre todos os Estados membros da Organización a liberdade de asociación colectiva e o dereito de folga, a eliminación do traballo forzoso e infantil, así como a eliminación de toda discriminación en materia de emprego.

A OIT introduciu no 1999 o concepto de Traballo Decente como aquel que permite vivir dignamente, integrado por catro compoñentes –emprego, dereitos laborais, protección social e diálogo social-, sendo os catro necesarios para crear perspectivas de progreso social e desenvolvemento.

Doutra banda, os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM), baseados na Declaración do Milenio de Nacións Unidas (2000), que deben ser cumpridos antes do ano 2015, establecen, entre outras cuestións, a erradicación da pobreza extrema e a fame, a extensión do ensino primario universal, a redución da mortalidade infantil ou a promoción da igualdade de xénero.

Así mesmo, e segundo diferentes órganos, axencias e programas de Nacións Unidas, a metade da forza laboral mundial gana menos de 1'3 € diarios, 12'3 millóns de persoas traballan en condicións de escravitude, 200 millóns de nenos menores de 15 anos traballan en lugar de ir á escola, e 2'2 millóns de persoas morren cada ano por mor de accidentes e doenzas laborais.

Ademais, nos países desenvolvidos incrementábase a precariedade laboral, e a Unión Europea encamiñábase cara unha desregulación de normas sociais comunitarias.

Polo que,

O Grupo Municipal socialista **somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN**, para que este adopte os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Mostrar o apoio á Xornada Mundial polo Traballo Decente, convocada para o 7 de outubro pola Confederación Sindical Internacional (CSI), da que forman parte as organizacións sindicais máis representativas de España.

Segundo.- Pedir ao Goberno de España que promova o respecto ás Normas Fundamentais do Traballo, o Traballo Decente e traballe activamente para a consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio.

Terceiro.- Trasladar esta moción aos interlocutores sociais, ao Ministerio de Traballo e Inmigración, á Oficina en España da Organización Internacional do Traballo e ás Representacións en España na Comisión Europea e no Parlamento Europeo.””

Sometida a urxencia votación, foi aprobada por unanimidade de tódolos concelleiros.

O voceiro do Grupo Municipal do BNG, D. Roberto-Alfonso Fernández Lores, manifesta, con relación ó punto primeiro da moción, que hai máis grupos sindicalistas que apoian a Xornada Mundial do Traballo Decente, polo que propón ampliar os termos da “Confederación Sindical Internacional” polo “conxunto das organizacións sindicais”.

A Sra. Agúin Pombo acepta esta modificación.

Sometida a votación a moción coa modificación antes reflectida, foi aprobada por unanimidade nos termos antes transcrita.-----

193 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOBRE A ADOPCIÓN DE MEDIDAS RELACIONADAS COA NEGOCIACIÓN SOBRE A REFORMA DO MODELO DE FINANCIAMENTO LOCAL (R. DE ENTRADA NÚM. 6689 DO 25/09/08) : Pola Sra. voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Sra. Agúin Pombo dáse lectura da moción que literalmente di:

“O Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta diante do Pleno da Corporación esta **MOCIÓN, sobre a ADOPCIÓN DE MEDIDAS RELACIONADAS COA NEGOCIACION SOBRE A REFORMA DO MODELO DE FINANCIAMENTO LOCAL**, en base ás consideracións recollidas na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 13 de setembro reuniuse na cidade de Zaragoza, o Consello Territorial da FEMP, que representa a todas as Federacións Territoriais de Municipios, Provincias, Consellos e Cabidos Insulares, aprobando, por **UNANIMIDADE**, unha Resolución de todos os participantes relacionada coa adopción de medidas sobre a negociación da Reforma do Modelo de Financiamento Local.

A FEGAMP, nunha recente reunión da súa executiva, e por unanimidade, acordou así mesmo que na negociación do novo modelo de financiamento local deberían ser introducidos os criterios de número de entidades singulares de poboación, extensión do territorio e avellentamento poboacional na distribución da Participación en Ingresos do Estado, por influír nos custes de prestación dos servizos municipais.

Polo que, coa finalidade de asumir e subscribir todas as propostas aprobadas polo Consello Territorial da FEMP e pola Comisión Executiva da FEGAMP, O Grupo Municipal socialista **somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN**, para que este adopte os seguintes **ACORDOS**:

1º En execución dos compromisos expresados polo Goberno da Nación, para garantir un modelo de Reforma do Financiamento Local, que permita dotar aos Gobernos locais dun financiamento axeitada e suficiente, de forma vinculada e simultánea á reforma do financiamento Autonómico, garantindo a participación das Entidades Locais nos ingresos das Comunidades Autónomas, **expresar a firme vontade de apoiar á FEMP durante o proceso da negociación que está realizando en representación e defensa dos intereses de todas as entidades locais.**

2º **Considerar necesaria a unidade dos municipalistas en torno ás propostas presentadas pola FEMP**, que require unha resposta desde a lealdade institucional por parte dos responsables do Ministerio de Economía e Facenda, Ministerio de Administracións Públicas e Gobernos das CC.AA, que aínda sendo coherente en relación á situación económica xeral, garanta a actividade, a prestación de servizos e o exercicio das responsabilidades públicas que se realizan de modo efectivo desde os Concellos, Deputacións, Consellos e Cabidos Insulares.

3º Considerar necesario **incrementar a proposta de previsións para o exercicio orzamentario do ano 2009**, presentada polo Ministerio de Economía e Facenda, en aplicación do sistema actual de financiamento, en relación á participación dos tributos do Estado polas entidades locais, e que se inclúa unha previsión de aumento do financiamento local con cargo aos orzamentos do ano 2009.

4º Solicitar do Goberno do Estado o compromiso firme de mellorar o financiamento local, incorporando recursos adicionais para as Corporacións Locais, ao igual que se incluíu na proposta do Ministerio de Economía para as Comunidades Autónomas.

5º Reiterar a necesidade de que este proceso de negociación sexa impulsado, nas próximas semanas, conforme ao calendario e contidos aprobados na Mesa Negociadora Bilateral FEMP-Goberno, pechando simultaneamente o acordo de Financiamento Local xunto co das CC.AA.

6º Uha vez pechado o acordo de negociación deste proceso, debe formularse a súa continuidade nos ámbitos territoriais entre os Gobernos das CC.AA e os partidos políticos e cada unha das Federacións Territoriais, para determinar a participación das Entidades Locais nos ingresos das Comunidades Autónomas, para avanzar no proceso da segunda descentralización desenvolvendo o pacto local.

7º Instar, coincidindo coa resolución aprobada polo Consello Territorial da FEMP en Zaragoza, ao Goberno da Nación e a todos os partidos políticos representados no Parlamento do Estado para acadar de forma inmediata, desde o imprescindible consenso, un Acordo de Estado para a aprobación dun novo Estatuto do Goberno Local, onde se recoñeza o marco de competencias reais e se respecten os principios básicos e irrenunciabes de igualdade, equidade, suficiencia financeira e autonomía local en todo o territorio, de Concellos, Deputacións, Consellos e Cabidos Insulares.

8º Instar a que na reforma do modelo de financiamento local, para a distribución da participación nos ingresos do Estado, se teñan en conta os criterios de número de entidades de poboación, extensión territorial e avellentamento, de acordo coa resolución da FEGAMP.””

Sometida a urxencia votación, foi aprobada por unanimidade de tódolos concelleiros.

Non se produce debate, e a presidencia somete a votación o contido da moción antes transcrita, que foi aprobada por unanimidade de tódolos concelleiros.-----

194 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA A CREACION DUN “AULA DE ESPERA” EN CADA COLEXIO PÚBLICO DO CONCELLO (R. DE ENTRADA NÚM. 6742 DO 27/09/08) : Pola Sra. concelleira do Grupo Municipal do BNG, Sra. Fernández Agraso, dáse lectura da moción que literalmente di:

“”Dona Sandra Fernández Agraso, concelleira do **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** no Concello de SANXENXO

EXPÓN :

Nos tempos que estamos a vivir, cada vez son máis as nais que se incorporan ao mercado laboral coa dificultade doméstica que isto xera en moitas ocasións.

No noso concello os colexios teñen uns horarios de entrada que comprenden dende as 8,45 ata as 9,30 horas e loxicamente estes horarios plantexan un serio problema aos pais e nais traballadores para a incorporación dos fillos/as á xornada lectiva.

Unha medida de axuda para estes pais e nais é a creación dunha “**AULA DE ESPERA**” na que terña lugar:

1.- A Recepción de alumnos/alumnas de Educación Infantil e Primaria polo monitorado nas horas previas ao inicio da xornada escolar.

2.- Taller de educación para a saúde (almorzo saudable, actividades de hixiene e colaboración nas tarefas de recollida e limpeza).

3.- Acompañamento do alumnado ás súas correspondentes aulas.

Dende o BNG consideramos que é totalmente necesario ofrecer servizos que axuden a conciliar a vida familiar e laboral. Neste caso concreto estamos a falar dun servizo que favoreza a atención dos máis pequenos, dando así a posibilidade tanto ás nais como aos pais que traballen a exercer dita elección garantindo o benestar dos seus fillos neste ámbito.

Actualmente no concello de Sanxenxo a ANPA do Colexio Cruceiro de Vilalonga está sendo pioneira ao xestionando este servizo, que asumen integramente os pais e nais.

Dende o BNG, debido a súa importancia, cremos que son as administracións as que teñen que asumir a xestión deste servizo.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita que o Pleno da Corporación que inste ao Goberno a que adopte os seguintes

A C O R D O S :

-Que se habilite unha “AULA DE ESPERA” en cada colexio público do Concello de Sanxenxo.

-Que por parte da alcaldía se proceda a asinar un convenio de colaboración coa Consellería de Educación da Xunta de Galicia para desenvolver este servizo.

-Que se fixen as partidas orzamentarias e os prazos de cada administración, así como a elaboración dun regulamento que permita cubrir a totalidade das demandas de todos os centros na maior brevidade posible.””

Sometida a urxencia votación, foi aprobada por unanimidade de tódolos concelleiros.

A **concelleira do Grupo Municipal do BNG, D^a Sandra Fernández Agraso**, indica que é necesario por en marcha estas actuacións para facilitar ó acceso ó mercado laboral dos pais.

A **concelleira do Grupo Municipal do PP, D^a M^a Paz Lago Martínez**, di que lle agradece a preocupación polos temas educativos e a importancia de implantar servizos como o comedor ou as aulas de espera, sinala que a administración competente nesta materia é a administración autonómica e que o equipo de goberno, grazas ás ANPAS, suple estes servizos que non asume a Xunta de Galicia. Considera que son necesarios tales servizos e que os apoiará, pero que, votará en contra da moción porque trátase dunha competencia doutra administración.

A **Sra. Fernández Agraso** contesta que pódense asinar convenios coa consellería de educación e que hai concellos que piden subvencións nese senso.

A **Sra. Lago Martínez** replica que o equipo de goberno apoia a implantación destes servizos pero non a súa financiación a través de convenios; ao que responde a **Sra. Fernández Agraso** que se poden solicitar as subvencións oportunas.

A **Sra. Alcaldesa** respalda a proposta da concelleira e di que dende a Xunta de Galicia se carga con estes gastos ós concellos, que efectivamente pódense asinar convenios nos que o concello financia parte dos custos e presta o servizo que compete á Xunta, polo que votará en contra.

O **voceiro do Grupo Municipal Mixto, D. José-Luis Rodríguez Lorenzo**, sinala que este tipo de prestacións son competencia da consellería de educación, que vanse ampliando as competencias dos concellos en diversos servizos sen financiación.

Sometida a moción a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a **favor: sete (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).**

Votos en **contra: dez (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia, non se aprobou a moción.-----

195 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOLICITANDO A ACTUALIZACIÓN DO PADRÓN DE VIVENDAS DE SANXENXO; ACTUALIZACIÓN DO CATASTRO; CONXELACION DO IBI; BONIFICACION DO IBI E A CREACIÓN DUN SERVIZO PARA RECADACIÓN DIRECTA DOS IMPOSTOS E TAXAS MUNICIPAIS (R. DE ENTRADA NÚM. 6783 DO 29/09/08) : Polo voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Fernández Lores, dáse lectura da moción que literalmente di:

“”D. Roberto-Alfonso Fernández Lores, portavoz do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de SANXENXO

EXPÓN :

A actual crise que estamos a vivir vai ter tamén repercusión nas contas dos concellos, especialmente nos que, como o de Sanxenxo, basearon sempre a súa economía nos ingresos procedentes do sector inmobiliario.

No BNG cremos que para poder manter os servizos que o concello presta aos veciños e veciñas todo o ano, que o nivel de benestar dos residentes en Sanxenxo non se vexa afectado pola situación na que nos atopamos e para poder levar a cabo os investimentos que se precisan, compre tomar medidas de carácter económico que se deben basear en tres aspectos fundamentais:

- 1º.- Contención do gasto corrente.
- 2º.- Procura de financiamento de outras administracións.
- 3º.- Incremento dos ingresos ordinarios.

Para acadar os resultados do primeiro apartado é fundamental o axuste no capítulo de gastos de persoal. Resulta desorbitada unha nómina de preto de 8 millóns de euros para un concello de 17.000 habitantes cando por exemplo en Cambados, con 2.000 habitantes menos, non chega nin á metade ou en Vilagarcía, co dobre de censo, ronda os 9 millóns.

No que atinxe ao segundo apartado chega con abandonar posturas partidistas e por en primeiro lugar, e por enriba de todo, os intereses dos veciños e veciñas do concello. Deste xeito resultaría moi doado abaratar custes en servizos como: Centro de Día, Garderías, Colexios, etc.

Por último, para conseguir o obxectivo do apartado terceiro, tendo en conta o previsíbel descenso dos ingresos por I.C.I.O., é preciso mellorar a xestión nos seguintes puntos:

- a)Actualización dos padróns municipais.
- b)Xestión directa da recadación.
- c)Incremento da recadación por I.B.I.

A necesidade de cumprir o primeiro punto quedou demostrada na liquidación das contas do Concello dos anos 2.006 e 2.007, nas que se reflicte a total ausencia de ingresos por novas altas no padrón do I.B.I. Esta actualización aseguraría un importante incremento dos ingresos tanto en impostos como en taxas.

En canto ao segundo punto, dende o BNG consideramos que coa cuarta parte dos 369.000 euros que se pagaron no ano 2.007 pola xestión externa da recadación pódese crear un servizo municipal que garanta uns maiores ingresos e unha mellor atención aos veciños e veciñas de Sanxenxo.

Por último centrámonos no I.B.I. por tratarse do imposto que máis incidencia ten nos ingresos ordinarios.

Segundo os datos publicados pola Dirección Xeral do Catastro, no ano 2.003 o Concello de Sanxenxo tiña 492 hectáreas de solo urbano e 3.908 hectáreas de solo rústico. Coa aprobación do PXOM, no ano 2.003, pasou a catalogarse como solo urbano 809 hectáreas e como solo urbanizábel delimitado outras 262 hectáreas o que fai un total de 1.071 hectáreas, das que 579 Ha. seguen a ser actualmente consideradas como solo rústico e cotizando como tal.

Si este cambio de catalogación se actualizara no catastro, os ingresos por I.B.I. veríanse fortemente incrementados sen necesidade de aumentar o gravame para este imposto.

Por outra banda, segundo os últimos datos publicados polo I.N.E., no ano 2.001 o Concello de Sanxenxo tiña un censo de 13.705 vivendas, das que 4.713 eran principais, 1.855 secundarias e 7.113 estaban valeiras.

Se temos en conta que desde o ano 2.001 concedéronse licenzas para algo máis de 2.000 vivendas, podemos calcular que actualmente Sanxenxo conta con aproximadamente 16.000 vivendas.

En resumo, actualizando o padrón (lembreiros que nos anos 2.006 e 2.007 non se deu de alta ningunha nova vivenda) e actualizando o catastro poderíase manter o gravame do IBI no actual 0,45% e bonificar aos veciños e veciñas residentes en Sanxenxo, con vivenda en propiedade ou aluguer todo o ano, nun 10% do seu recibo, acadando deste xeito tres resultados:

-Axudar á economía familiar dos veciños e veciñas de Sanxenxo.

-Aumentar os ingresos ordinarios do Concello.

-Fomentar o incremento do censo de residentes no noso concello e deste xeito obter unha maior participación nos ingresos procedentes dos Tributos do Estado.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, propón ao Pleno da Corporación que inste ao Grupo de Goberno para que adopte os seguintes

A C O R D O S :

- 1º.- **Que se actualice o padrón de vivendas de Sanxenxo.**
- 2º.- **Que se inicien con toda urxencia os trámites para a actualización do Catastro.**
- 3º.- **Que se conxele o tipo de gravame do I.B.I. para o ano 2.009.**
- 4º.- **Que se contemple unha bonificación do 10% no recibo do I.B.I. para as vivendas principais ou alugadas con inquilinos censados no Concello de Sanxenxo.**
- 5º.- **Que se cree un Servizo Municipal para a recadación directa dos impostos e taxas municipais.””**

Sometida a urxencia votación, foi aprobada por unanimidade de tódolos concelleiros.

O **Sr. Fernández Lores** indica que a situación é preocupante, se está pagando ó servizo de recadación da deputación, ORAL, 369.000 € que se ingresarían nas arcas do concello si se recadara os tributos directamente, e que resulta necesaria unha actualización do catastro que se encontran sen actualizar dende o ano 1996.

O **voceiro do Grupo Municipal Mixto, D. José-Luis Rodríguez Lorenzo**, solicita que estes temas deben levarse e tratarse nunha comisión informativa.

A **concelleira de Facenda, D^a Susana Fernández Trelles**, indica que gran parte dos servizos sociais, culturais ou deportivos, préstanse por xestión directa, que o Concello de Sanxenxo, como destino turístico, precisa de maior número de efectivos en época estival, que en aras da defensa da autonomía local, o concello non participará no consorcio promovido pola vicepresidencia da xunta. Tamén sinala que a actualización do IBI estase producindo de forma continuada polas novas altas, que a recadación do IBI en voluntaria alcanza o 90 por cento e a carga fiscal é das máis baixas. Indica que o concello aplicará as bonificacións que a lei permita e que a tarefa levada a cabo polo ORAL é satisfactoria.

Sometida a votación a moción acadouse o seguinte resultado:

Votos a **favor: catro (Grupo Municipal do BNG).**

Votos en **contra: nove (Grupo Municipal do PP).**

Abstencións: catro (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, non se aprobou a moción.-----

196 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A ENTRADA EN VIGOR DA LEI 9/2008, DO 28 DE XULLO, DE MEDIDAS TRIBUTARIAS SOBRE SUCESIÓN E DOAZÓN (R. DE ENTRADA NÚM. 6819 DO 30/09/08) : Polo voceiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Casal Moldes, dáse lectura da moción que literalmente di:

“D. Ángel Casal Moldes, Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Sanxenxo eleva ó Pleno da Corporación para o seu debate e toma en consideración a seguinte **MOCIÓN**

SOBRE A ENTRADA EN VIGOR DA LEI 9/2008 DO 28 DE XULLO DE MEDIDAS TRIBUTARIAS SOBRE SUCESIÓN E DOAZÓN.

O pasado día 7 de agosto, o Diario Oficial de Galicia publicaba a Lei 9/2008, sobre medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesión e doazóns en Galicia, que entrou en vigor o día 1 de setembro.

En primeiro lugar é convinte recordar que a primeira reforma deste imposto foi acometida polo PPdeG cando gobernaba a Xunta de Galicia no ano 2002, (lei 3/2002 de 29 de abril de medidas de réxime fiscal e administrativo, e lei 7/2002 de 27 de decembro de medidas fiscais e réxime administrativo) convertindo a Galicia en comunidade autónoma pioneira en acometer rebaixas fiscais no imposto de sucesión e doazóns.

Pola contra, e a pesar dos esforzos propagandísticos da actual Xunta de Galicia por dar a entender outra cousa, o certo é que as medidas tributarias acometidas neste imposto na súa recente reforma publicada no D.O.G o 07 de agosto do presente ano, se por algo destacan é por ser insuficientes, incompletas e discriminatorias respecto ás comunidades autónomas, case todas gobernadas polo PP, nas que este imposto xa non existe.

Así, moitos galegos e galegas xa se viñan beneficiando dende o ano 2002 de rebaixas impositivas presentadas agora como novidades, como o caso das transmisións das pequenas e medianas empresas.

O alcance, máis propagandístico que real da reforma se evidencia nas propias cifras, nos números. Así, o impacto económico da reforma revela que a perda de recadación prevista é apenas dun 35%, moi lonxe do 90 % que a Xunta de Galicia intenta “vender”.

Deste xeito, cando casi o 70% das C.C.A.A. teñen suprimido de feito o imposto, entre os membros da unidade familiar básica, en Galicia seguimos tendo que tributar. A día de hoxe, once Comunidades Autónomas xa suprimiron o imposto de sucesión e doazóns: Cantabria, A Rioxa, Baleares, Castela e León, Castela-A Mancha, Madrid, Murcia, Valencia, Canarias, País Vasco e Navarra. Por conseguinte, os galegos e galegas seguimos a estar en peor posición respecto os cidadáns de aqueles territorios que xa non tributan, que son máis de 23 millóns de persoas en todo o Estado.

As doazóns de pais a fillos seguen gravadas na súa totalidade, constituíndo un motivo máis para a deslocalización dos patrimonios familiares. Por elo, a reforma non soluciona o principal problema que tiña este tributo, posto que aínda permanecen as diferencias entre Galicia e moitas comunidades onde practicamente é gratis herdar.

Calquera persoa que coñeza medianamente o sistema tributario sabe perfectamente que a redución que o goberno da Xunta está a predicar e publicitar non vai ter ningún tipo de beneficio para as rendas medias e baixas de Galicia. As rendas altas xa se veñen beneficiando da exención deste imposto a conta de crear sociedades entre pais e fillos que consiguen eludir o pago. Os realmente perxudicados son os cidadáns de clases medias e baixas, xa que o goberno da Xunta fixou en 125.000 euros o límite de exención. Isto quere dicir que moi pouca xente vai quedar eximida de pagar este imposto, xa que unha contía de 125.000 euros cúbrese con calquera vivenda que se deixa de pais a fillos, cunha parcela, etc.

¿Qué está conlevando esta situación? Que moitas persoas decidan empadronarse en comunidades como Madrid, onde todo cidadán que leve 5 anos censado está exento do pago do referido imposto.

A nova norma, trata de xeito distinto aos que son iguais e iguala aos que son diferentes. Ademais da discriminación territorial, é discriminatoria no trato persoal ós contribuíntes, pois trata de xeito distinto a aqueles que teñen os mesmos dereitos derivados da mesma situación xurídica (porque ocupan a mesma posición na liña hereditaria), e polo tanto deberían ser tratados de igual xeito.

Polo anteriormente exposto, o **Grupo Municipal do Partido Popular** presenta a seguinte **MOCIÓN** para a súa consideración e aprobación polo Pleno do Concello de Sanxenxo.

Instar á Xunta de Galicia para que se amplíen as exencións no pago do imposto sobre sucesións e doazóns ata lograr na práctica, a supresión total deste gravame, como xa fixeron outras Comunidades Autónomas de España.”

Sometida a urxencia votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Mixto).

Abstencións: tres (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

O **voceiro do Grupo Municipal Mixto, D. José-Luis Rodríguez Lorenzo**, manifesta a súa conformidade coa solicitude da moción, si ben algunha parte non lle parece ben.

A **voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, D^a M^a Dulcinea Aguíñ Pombo**, maniféstase en contra da moción por entender que a Lei de sucesións e doazóns de Galicia permite a exención do imposto a nove de cada dez familias, a empresas familiares, xoves e discapacitados, entre outros.

O **concelleiro do Grupo Municipal do BNG, D. David Otero Domínguez**, indica que na época do goberno da xunta do PP non se planteou a retirada desta lei, que o PP solicitou a exención ós que máis teñen, o BNG é partidario de que paguen máis os que máis teñen e menos os que menos teñan.

A **Sra. Alcaldesa** expón que non sabe o que fixo o PP no parlamento pero sí que supón un problema pagar o que lle deixara o seu pai, e que o imposto debe ser igual para todo o territorio.

Sometida a moción a votación acadou o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: sete (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia, por maioría, a corporación municipal en pleno, aprobou a moción nos termos antes transcrita.-----

197 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A ASUNCIÓN DOS CUSTOS DE MANTEMENTO, ENERXÍA, CALEFACCIÓN E LIMPEZA DOS CENTROS DE SAÚDE UBICADOS NO CONCELLO DE SANXENXO POR PARTE DA CONSELLERÍA DE SANIDADE (R. DE ENTRADA NÚM. 6820 DO 30/09/08) : Polo voceiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Casal Moldes, dáse lectura da moción que literalmente di:

“D. Ángel Casal Moldes, Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Sanxenxo eleva ó Pleno da Corporación para o seu debate e toma en consideración a seguinte **MOCIÓN**

SOBRE A ASUNCIÓN DOS CUSTOS DE MANTEMENTO, ENERXÍA, CALEFACCIÓN E LIMPEZA DOS CENTROS DE SAÚDE UBICADOS NO CONCELLO DE SANXENXO POR PARTE DA CONSELLERÍA DE SANIDADE

Con data 20 de xaneiro de 2006, o actual Presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, e o naquel entón presidente da FEGAMP e alcalde de Lalín, Xosé Crespo Iglesias, asinaron en Santiago de Compostela un documento que se pasou a denominar o “Pacto Local”.

No referido documento, concretamente na cláusula I, de Financiamento, actuación D), recóllese a “Asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde”, naqueles momentos en mans dos concellos. No propio texto, especificase que dita asunción irase desenvolvendo paulatinamente nos exercicios económicos 2007, 2008 e 2009, cando unha comisión mixta e paritaria, formada por representantes da Consellería de Sanidade e a FEGAMP, determinará os centros que deberán ser asumidos en cada anualidade, dando prioridade ós concellos de menor poboación.

Igualmente, o texto aclara que o proceso de asunción terá carácter voluntario, pasando os concellos a transferir ó Sergas a titularidade dos edificios e os terreos de maneira simultánea. O acordo deberá de formalizarse por convenios con cada concello, pasando os bens en cuestión a integrarse no patrimonio do sergas e afectados ó servizo público de saúde, revertendo estes bens de novo ó concello no caso de supresión do servizo.

O 25 de abril de 2006, a conselleira de Sanidade, María José Rubio Vidal, presidiu no edificio administrativo do Sergas a constitución da Comisión Mixta Paritaria Local, coa finalidade de determinar os centros a ser asumidos polo Sergas en cada anualidade.

O Concello de Sanxenxo corre cos custos de mantemento dos centros de saúde de Vilalonga e Baltar, neste último caso tratándose dun punto de atención continuada que presta servizos médicos, entre outros, de radioloxía, odontoloxía e rehabilitación fisioterapéutica incluso a cidadáns dos concellos veciños da comarca. O Concello de Sanxenxo leva moitos anos soportando os elevados custos de mantemento dunhas instalacións que prestan, de feito e na práctica, un servizo de carácter supramunicipal, atendéndose pacientes que proveñen de distintos puntos da comarca do Salnés.

Os custos antes mencionados, tomados da última anualidade (2007) ascenden a 8.200 euros de enerxía eléctrica, 9.500 euros de calefacción e 39.569 euros de gastos de limpeza e mantemento, o cal suma un total de 57.269 euros, importe que asume na súa totalidade, ata o día de hoxe, o Concello de Sanxenxo.

Por todo o anteriormente mencionado, o grupo municipal do Partido Popular de Sanxenxo, eleva ó Pleno da Corporación a proposta de adopción do seguinte acordo:

Instar ó Servizo Galego de Saúde, dependente da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, a asumir, a partires do 1 de xaneiro de 2009, os custos de mantemento dos centros de saúde ubicados no Concello de Sanxenxo, e dar traslado do mesmo á Sra. Conselleira de Sanidade e ó Sr. Presidente da FEGAM”

Sometida a urxencia votación, foi aprobada por unanimidade de tódolos concelleiros.

O voceiro do Grupo Municipal Mixto, D. José-Luis Rodríguez Lorenzo, móstrase de acordo coa moción por entender que o concello non ten que cargar con competencias das comunidades autónomas.

Sometida a votación a moción foi aprobada por unanimidade, nos termos antes transcrita.-----

Sendo as **24:05 horas** a **Sra. Alcaldesa** plantexa tratar dúas mocións máis e deixar para outra sesión os rogos e preguntas.

O voceiro do Grupo Municipal do PP, D. Angel Casal Moldes, solicita tratar tódalas mocións que restan.

O voceiro do Grupo Municipal do BNG, D. Roberto-Alfonso Fernández Lores, manifesta que debe finalizar a sesión, e o voceiro do Grupo Mixto indica que si se tratan as mocións débense tamén tratar os rogos e preguntas.

A Sra. Alcaldesa solicita á Secretaria que informe. A Sra. Secretaria da lectura ó art 87 do ROF, que literalmente di: *“Toda sesión, sea ordinaria o extraordinaria, habrá de respetar el principio de unidad de acto y se procurará que termine en el mismo día de su comienzo. Si éste terminare sin que se hubiesen debatido y resuelto todos los asuntos incluídos en el orden del día, el Presidente podrá levantar la sesión.”*

198 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA SOLICITAR Ó GOBERNO A REFORMA URXENTE DA FINANCIACIÓN LOCAL (R. DE ENTRADA NÚM. 6821 DO 30/09/08) : Polo voceiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Casal Moldes, dáse lectura da moción que literalmente di:

“D.Ángel Casal Moldes, Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Sanxenxo eleva ó Pleno da Corporación para o seu debate e toma en consideración a seguinte **MOCIÓN**

PARA SOLICITAR AO GOBERNO A REFORMA URXENTE DA FINANCIACIÓN LOCAL

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidas na seguinte

Exposición de Motivos

A crise económica que padecemos, e cuxas manifestacións e consecuencias se amosan día a día, están a agravar aínda máis a sempre delicada situación das Facendas Locais.

A pesar de dispoñer de menos do 14% dos recursos públicos, os concellos non teñen deixado en ningún momento, durante todos estes anos, de atender as demandas que os veciños lles viñan facendo, como administración que sinten máis cercana. Sería imposible imaxinar a Galicia sen o papel vertebrador, de cohesión e de atención ós cidadáns desenvolvido polos 315 concellos galegos.

Pero agora a situación se torna crítica: a diminución da actividade urbanística en Galicia, que xa neste ano se sitúa no 35%, vai provocar que no 2008 os Concellos galegos deixen de percibir, cando menos, 20 millóns de Euros dunha fonte de recursos que representa máis dunha quinta parte do total dos seus ingresos, diminución que, sen lugar a dúbidas, será maior no vindeiro ano.

A situación non pode seguir así por moito máis tempo. A crise económica e urbanística, unida ás dificultades extraordinarias para poder acceder ós créditos, sitúan ós concellos galegos practicamente nunha situación insostible.

Ademáis, comprometen moi seriamente a continuación na prestación de servicios básicos ós nosos veciños.

Debemos evitar o colapso económico dos concellos, e non debemos, dende logo, aumentar os impostos municipais, o que non faría senón aumentar aínda máis as dificultades económicas dos nosos veciños

Nembargantes, os pasos dados polo Goberno do Estado parecen indicar que a intención é exactamente a contraria: confirmando o adiantado polo Ministro Solbes, o avance dos Presupostos Xerais do Estado confirman que no ano 2009 os concellos verán diminuída a súa participación nos Ingresos do Estado (case a cuarta parte dos ingresos totais dos municipios) en non menos dun 1,5 %, e que no caso dos Concellos galegos podería chegar a un 2%.

Pola súa banda, a realidade do Pacto Local asinado no ano 2006 amosa que o 90% dos compromisos económicos da Xunta cara os concellos están sen executar, e só o modelo de participación nos ingresos da Xunta posto en marcha baixo a Presidencia de Manuel Fraga se está a manter.

Os nosos veciños reclaman a implicación do Goberno do Estado e do da Xunta para evitar a quebra dos concellos.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular de Sanxenxo presenta para a súa aprobación polo Pleno, os seguintes ACORDOS:

Primeiro: Esixir o compromiso do Presidente do Goberno de que aumentarán - con cifras reais e sen maquillaxes - as transferencias económicas do Estado ós concellos, rectificando en consecuencia, de xeito inmediato, as previsións establecidas no avance dos Presupostos Xerais do Estado.

Segundo: Reclamar ó Goberno o comezo inmediato das negociacións para reformar as facendas locais, vinculándoas, de acordo co compromiso adquirido polo Sr. Zapatero no seu Discurso de Investidura, á propia reforma do sistema xeral de financiamento autonómico.

Terceiro: Se insta ó Goberno para que a futura Lei de Bases de Réxime Local aborde definitivamente a delimitación precisa das competencias dos concellos e das deputacións provinciais ó obxecto de evitar a situación actual de asunción de competencias impropias.

Cuarto: Esixir ao Goberno a creación urxente dun Consello Local de Política Financeira para tratar os temas de interese bilateral: actualización do catastro, transferencias estatais, xestión dos convenios e cooperación administrativa.

Quinto: Solicitar ós Presidentes da FEMP e da FEGAMP a celebración dunhas asembleas extraordinarias que reivindiquen a reforma do financiamento local, a súa estabilidade orzamentaria e o saneamento das facendas locais, de forma que os Entes Locais poidan garantir ós cidadáns os servizos que necesitan en condicións de igualdade e equidade, e para acadar o peso político e institucional que corresponde ós Entes Locais como administración máis próxima.””

Sometida a urxencia votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a **favor: nove (Grupo Municipal do PP).**

Votos en **contra: sete (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).**

O representante do **Grupo Municipal Mixto** fai constar que non se pronuncia.

A **voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo**, manifesta que a moción contén falsedades, por canto o goberno do PSOE compensou ós concellos pola supresión do IAE, e igualmente dotou de máis recursos ós concellos.

O **concelleiro do Grupo Municipal do BNG, D. David Otero Domínguez**, igualmente mostrase en contra da moción, e aboga por un plan de financiamento local que recolla as conclusións de FEGAMP, que teña en conta as cuestións específicas dos concellos galegos.

Sometida a moción a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a **favor: nove (Grupo Municipal do PP).**

Votos en **contra: sete (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).**

Abstencións: unha (Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, por maioría, a moción foi aprobada nos termos antes transcritos.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as vinte e catro horas e vinte minutos, de todo o que, eu secretaria, **DOU FE:**

